

Sendo as 9:45 do 27 de maio reúnese o Departamento de Física e Química do IES Lamas de Abade de Santiago de Compostela, para tratar os seguintes puntos na orde do día:

- Información sobre a reunión sobre a Sección Bilingüe.
- Información sobre acordos en CCP.
- Necesidades do Dpto. e previsión de horas.

Faise unha pequena posta en común por parte dos profesores que asistiron á reunión, Ana Dapena e Marcos Vázquez, onde se puideron resolver as dúbidas que presentaron as familias, fundamentalmente en canto ao nivel necesario de inglés para que os alumnos e alumnas poidan participar, e o carácter máis práctico das sesións na sección bilingüe.


En canto ao segundo punto, dado que non se tivo reunión de CCp nos meses de abril nin maio, non hai información que se poida comunicar, xa que a dirección non convocou estas reunións de CCP.

Respecto do terceiro punto, indícase que estará a chegar o material solicitado, e que hai a expectativa de que o laboratorio quede para uso exclusivo do Dpto. en horario de mañá, polo que se solicitará no verán que o Dpto de Estética libere o espacio posible para o material de laboratorio de Física e Química. En canto á previsión de horas, semella necesario facer un desdoblamento da materia en 4 ESO para o vindeiro curso, e se continuará co resto dos grupos, a expensas do alumnado que se matricule en Sección Bilingüe.

Sen máis asuntos que tratar, dase por concluída a reunión, sendo as 10:35h do 27 de maio.


Ana Dapena


María Roel


Marcos Vázquez